



II WORKSHOP

APOIOS A PROXECTOS DE INDUSTRIA 4.0 DO SECTOR ALIMENTARIO EN GALICIA 2020

13 de febreiro de 2020. Edificio FEUGA. Santiago de Compostela

A revolución tecnolóxica desafia ás empresas de todas as industrias a conectar as súas máquinas, procesos, persoas e produtos para obter maior eficiencia, diminuír os custos, mellorar as operacións, aumentar a satisfacción do cliente e mellorar as condicións de traballo. Neste contexto, esta xornada busca crear **oportunidades para a definición de proxectos** de pemes galegas do sector alimentario que queiran aumentar a súa **competitividade mediante a dixitalización e a Industria 4.0**. Así, a xornada incluírá a presentación de casos de éxito, de solucións tecnolóxicas e oportunidades de financiamento. Ademais, brindará a oportunidade de realizar reunións bilaterais para atopar socios tecnolóxicos.

Durante esta xornada trataranse os seguintes apoios que estarán dispoñible este ano:

- **Programa de Axudas a Proxectos Agrupados Industria 4.0**
- **Programa de cheques S3Food para proxectos de *sensórica intelixente***
- **Asociación para a Dixitalización da Industria de Galicia (DIH)**
- **Servizos de vixilancia tecnolóxica e asesoramento**

Por que participar?

- Identificar potenciais socios para futuros proxectos de cooperación
- Coñecer as axudas e apoios á definición e desenvolvemento de proxectos en Industria 4.0
- Coñecer os servizos e as tecnoloxías dispoñibles de man de expertos



Axudas a Proxectos Agrupados Industria 4.0

As axudas “Proxectos Agrupados Industria 4.0”, para o ano 2020 concederán un premio a un máximo de seis proxectos que inclúan no seu desenvolvemento a implantación de equipamento e sistemas para a modernización dos procesos nun grupo de pemes non inferior a 5, así como axudas á implantación para cada peme participante. A implantación consistirá na incorporación ás empresas de tecnoloxías relacionadas cos conceptos de “Industria 4.0”, segundo os termos recollidos na “Axenda de Competitividade Galicia Industria 4.0”:

1. Robotización e robotización colaborativa.
2. Fabricación aditiva.
3. Sensórica e actuadores mecatrónicos.
4. Sistemas ciber-físicos.
5. Automatización total ou estendida.
6. Intercomunicación máquina – máquina.
7. Conectividade total ou estendida.
8. Vehículos autónomos.
9. Personalización de produtos.
10. IoT, internet dos equipos e máquinas.
11. Big Data, cloud computing e ciberseguridade aplicadas á industria.
12. Loxística 4.0 para a integración total da cadea de subministros.
13. Modelado e simulación de procesos industriais, operativos e loxísticos.

Proxecto europeo S3Food

O proxecto S3Food ten como obxectivo conectar a empresas especializadas no procesamento de alimentos con tecnoloxías avanzadas por sensores. Para isto, plantexa tres eixos de actuación: consultar con asesores de dixitalización, servizos de *training* e *coaching* para garantir unha axeitada transición á dixitalización, e a posibilidade de realizar experiencias piloto financiadas a través do programa mediante un conxunto de vouchers.

Asociación para a Dixitalización da Industria de Galicia(DIH)

Este DIH funcionará como unha fiestra única de capacidades tecnolóxicas na que conflúen todos os recursos que os centros de coñecemento galegos ofertan ás pemes, achegando tamén apoio integral para levar os produtos e servizos innovadores ao mercado. A súa finalidade é conectar mellor o coñecemento disruptivo e a industria; e impulsar a dixitalización das pemes galegas.



Programa

13 de febreiro. Edificio FEUGA. Santiago de Compostela

09:25 Benvida

Representación do Clúster Alimentario de Galicia

09:30 Convocatoria 2020 de Proxectos Agrupados Industria 4.0

Presentación e orientación sobre a axuda do Igape

10.00 S3Food e Asociación para a Dixitalización da Industria de Galicia (DIH)

Iniciativas no eido da dixitalización

10.30 Casos de éxito de Industria 4.0 no sector alimentario en Galicia

Breves presentacións de proxectos empresariais destacados

11.10 Café *networking*

11.40 Pitching 4.0: oferta tecnolóxica en novastecnoloxías

Breves presentacións de empresas e centros provedores de tecnoloxía

12.40 Conclusións

Servizos de apoio do Clusaga a proxectos no eido da industria 4.0

12.45 Encontros bilaterais

Espazo para encontros entre demanda e oferta de tecnoloxía

13.45 Clausura



WORKSHOP APOIOS A PROXECTOS DE INDUSTRIA 4.0 DO SECTOR ALIMENTARIO EN GALICIA

13 de febreiro de 2020 | 9:25-13:45

Edificio FEUGA Rúa Lope Gómez de Marzoas/n
Campus Vida. 15705. Santiago de Compostela

Contacto: 981 556 062 | industria@clusaga.org

[Formulario de inscripción](#)



Gartner

